



I CONCURSO DE CUARTETOS DE GAITAS FESTAS DE OURENSE

A Concellaría de Cultura do Excmo. Concello de Ourense e "Galegapoloscoincosentidos" convocan o **concurso de CUARTETOS DE GAITAS "FESTAS DE OURENSE"**, que se celebrará os vándeiros 28 e 29 de xuño do 2008 no marco das Festas de Ourense, conforme ás seguintes

BASES:

Poderán participar agrupacións tipo cuarteto tradicional (2 gaitas de calquera tonalidade, tamboril/caixa e bombo). Non serán admitidas gaitas de tipo "marcial", nin instrumentos de percusión de alta tensión.

1. -INSCRICIÓN: aberta ate o mércores 18 de xuño. Non existe cota de inscrición. Ningún participante poderá intervir no concurso con máis dun grupo.

Os grupos deberán remitir a seguinte documentación:

- Folla de inscrición (incluída máis adiante)
- Breve Currículo do grupo e dos seus compoñentes.
- Opcionalmente (é recomendable), os grupos poderán remitir ademais fotografía(s) en formato dixital ou gravacións dixitais, que serán utilizados pola organización para a selección dos grupos (en base á súa calidade artística, non técnica), e máis para a promoción do Concurso baixo autorización, no seu caso, dos grupos.

A documentación deberá ser enviada prioritariamente ao seguinte enderezo electrónico cuartetosourense@gmail.com.

Só no caso de que o grupo non puidese facer a súa inscrición vía electrónica, poderá ser enviada por correo ordinario ao seguinte enderezo:

Concellaría de Cultura Concello de Ourense

Auditorio Municipal

Rúa da Canle nº 2

32005 - Ourense

Concurso de Cuartetos Tradicionais

2- PARTICIPANTES: O número máximo de grupos será de **10**, seleccionados previamente pola organización de entre os grupos inscritos. A selección dos grupos será efectuada baseándose en:

- Orde de inscrición.
- Currículo dos grupos e os seus compoñentes
- Calidade artística das gravacións enviadas polos grupos na inscrición, no caso de que así o fixesen.

A organización, entre o 15 e 20 de xuño porase en contacto cos grupos seleccionados, facendo así mesmo pública a lista dos grupos participantes. Asemade, serán seleccionados outros dous grupos como "suplentes", para o caso de que algún dos grupos seleccionados



inicialmente non púidese asistir finalmente ao concurso. Os grupos participantes recibirán 100 euros por grupo en concepto de dietas o día do concurso.

3. - TRAXE TRADICIONAL GALEGO: Será OBRIGATORIO que os grupos vistan traxe tradicional galego, e a calidade da vestimenta será outro dos apartados valorados polo xurado.

4. - DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO: O concurso divídese en dúas xornadas.

- **Sábado 28 de xuño:** os grupos seleccionados deberán presentarse ás 17h no lugar indicado pola organización, onde se lles indicará un breve percorrido para efectuar de pasarrúas, acompañados por unha persoa da organización. O xurado valorará este pasarrúas. Posteriormente, nun escenario disposto para tal efecto, co equipo de son necesario, e logo do sorteo da orde, cada grupo interpretará un máximo de 8 mín de pezas tradicionais ou de autor. Será válida a unión de varias pezas sempre que haxa como mínimo unha pausa na interpretación de cada grupo. De entre os grupos participantes, **o xurado escollerá seis que participaran na xornada final do domingo.** Estes grupos seleccionados recibirán outros 80 euros a maiores en concepto de gastos de desprazamento e dietas.

- **Domingo 29 de xuño:** os grupos finalistas deberán presentarse na explanada das Burgas ás 11:00 h, onde se lles indicará a cada un un breve percorrido para efectuar de pasacalles, acompañados por unha persoa da organización. O xurado valorará de novo o desenvolvemento deste paseo. Posteriormente os grupos actuarán no palco, (a orde será sorteada con anterioridade en presenza dos grupos), cunha duración máxima de 10 mín de pezas tradicionais ou de autor. Será válida a unión de varias pezas sempre que haxa como mínimo unha pausa na interpretación de cada grupo. Cando menos unha das pezas non poderá coincidir coas interpretadas na fase de clasificación.

Tras unha breve deliberación farase pública a decisión do xurado, integrado por 4 persoas designadas pola organización. A decisión do xurado será inapelable.

5.- PREMIOS : Entregaranse os seguintes premios:

1º premio ... 1.200 euros

2º premio ... 700 euros

3º premio ... 300 euros

A inscrición supón a total aceptación das bases por parte dos grupos participantes, tendo o xurado plena potestade para dirimir ao seu criterio calquera cuestión non recollida nas presentes bases, así como a interpretación destas en caso de dúbida. Para máis información, ou aclaracións necesarias, poderase contactar coa organización no tfno. 606777718 ou 639444426, ou preferiblemente vía e-mail (cuartetosourense@gmail.com).

ORGANIZA:



COLABORA:



AOFT GOMES Mouro





FOLLA DE INSCRICIÓN NO I CONCURSO DE CUARTETOS TRADICIONAIS
"FESTAS DE OURENSE", 27 e 28 de xuño 2008

DATOS DO GRUPO

NOME DO GRUPO:

TELÉFONO:

ENDEREZO

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

COMPOÑENTES:

GAITA

GAITA

TAMBORIL / CAIXA

BOMBO

Síntura:

NIF e sintonura do representante do grupo

Data:

Remitir a : cuartetosourense@gmail.com

